

X Andaina Concello Salceda de Caselas Copa Galicia de andainas de 50 km (2017)

INFORMACIÓN

A andaina rerorrerá camiños e sendeiros dos concellos de Salceda de Caselas, O Porriño e Tui.

Componse dun roteiro circular de 50 km e outro de 33 km con subida ó Parque Natural do Monte Aloia, e para os participantes con menor preparación física, a organización ten sinalizado un recorrido de 30 km tamén circular totalmente plano e de dificultade baixa.

O Monte Aloia foi declarado Parque Natural en 1978, ten unha extensión de 750 ha e unha altitude de 620 m sobre o nivel do mar. É o resultado dunha exótica repoboación realizada hai 100 anos con cipreses, abetos e cedros.

Os tres recorridos son circulares, os máis longos suben dende unha altitude dos 10 m sobre o nivel do mar (Ribeiras do Louro) ata os 620 m que alcanza o Monte Aloia. O recorrido corto é totalmente plano e discurre polas ribeiras dos ríos Louro, Miña, Caselas, Landres e Tinto.

Sáímos do C.C. O COTO en dirección ó Cerquido. Aquí o recorrido de 30 km separámonos en dirección á Ponte das Febres ata o río Louro, seguimos río abaixo ata chegar a Depurador de Gullarei, na veiga do Louro, onde enlazamos co recorrido de 50 km, ata o final, que baixa do Monte Aloia.

Os recorridos de 33 e 50 km, seguimos o sendeiro das Greas ata Orbenlle e a Magdalena. Cruzamos Ribadelouro, paralelo á autovía A55, ata entrar de novo no sendero das Greas en dirección ós Cabreiros-Chenlo. Aquí atopamos a subida máis dura pero corta. Cruzamos Prado, no concello de Gondomar e atopamos unhas vistas espectaculares de todo o Val Miñor, Illas Cies, Baiona e a Serra do Galiñeiro. Collemos xa á cima do Monte Aloia, onde se otopa o famoso cruceiro, que leva o mesmo nome, e o mirador que va vistas ó Baixo Miño, Portugal e ó Monte Santa Tegra.

Estamos no km 16,5 e terminamos a subida de todo o recorrido. Seguimos un quilometro de difícil baixada ata chegar ó fermoso e espectacular Rego da Pedra, que nos leva ata Frinxo. Cruzamos en dirección ós Muiños de Tripes, a zona máis espectacular de toda andaina. Seguimos a Tui, cruzamos a zona monumental polo Camiño de Santiago, pasando pola porta principal da Catedral e o edificio do Concello, baixamos ata o Cabo Fradera no Río Miño, o monumento o peregrín e a Ponte Romana.

Estamos no quilometro 26 e facemos o avituallamento principal. Neste punto o recorrido de 33 km separámonos do de 50 km e collemos a ruta, en sentido contrario, de 30 km, xa totalmente llanos ata a meta. Só faltan 7 km.

Os do recorrido longo, recollemos ós de 30 km e seguimos pola depuradora de Guillarei, subimos pola beira do río Miño ata Caldelas de Tui. Aquí deixamos o Río Miño e collemos a beira do río Caselas ata chegar a Salceda. Xiramos a esquerda ata o final desexado no C.C. O COTO.

Ó final teremos pinchos para todos.

DATA, LUGAR E HORA DE SAÍDA

O vindeiro 20 de maio de 2017, ás 9:00 dende a A.C. O Coto de San Estevo de Budiño.

É preciso estar na saída alomenos **unha hora antes** para realizar os trámites de recollida de dorsais.

Prezos e prazo da inscrición e pago:

Federados e socios da A.C. O Coto 10 euros, non federados 12 euros e os menores de 18 anos poden participar acompañados dun adulto cun prezo de 5 euros.

O ingreso realízase na conta ES89-2080-0577-80-3040002153 de ABANCA antes do luns 16 de maio ás 20:00 horas. **POR FAVOR, é moi importante** indicar no concepto do ingreso bancario o **nome, apelidos e DNI** da persoa que se inscribe. Sen esta información non podemos asignar o pago á persoa inscrita. Se se realiza un pago para un grupo de participantes, por favor enviar un correo indicando o pago realizado e os datos dos participantes.

INFORMACIÓN ADICIONAL

manolo-andarin@hotmail.com

Teléfono: 659402738